

Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade e as universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e de Vigo, para a realización de prácticas externas do alumnado do mestrado en Lingüística Aplicada (MILA) no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizará coas Universidades de Santiago, A Coruña e Vigo o instrumento convencional arriba referido que entrará en vigor o mesmo día da súa sinatura e terá vixencia durante catro anos, prorrogable un máximo doutos catro.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e as Universidades de Santiago, Vigo e A Coruña para a realización de prácticas externas do alumnado do Mestrado en Lingüística Aplicada (MILA) no CRPIH e que se describen no anexo I do citado convenio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamentan no seguinte:

Que para potenciar o emprego do galego, segundo establecen os artigos 5.3 do Estatuto de autonomía para Galicia e 6.3 da Lei de normalización lingüística, cómpre dispor de estudos científicos sobre a lingua.

Que o Decreto 110/2020, de 6 de setembro, establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia (DOG nº 181, do 7 de setembro de 2020).

Que o Decreto 130/2020, de 17 de setembro (DOG nº 190, de 18 de setembro), polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, establece a Secretaría Xeral de Política Lingüística (SXPL) como órgano superior da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e atribúenselle, entre outras, as funcións de promover, coordinar e desenvolver a política de investigación que favoreza a normalización lingüística nas súas diferentes manifestacións, así como, promover o diálogo, a cooperación e a colaboración con outras institucións competentes en materia de política lingüística.

Que, neste contexto e dentro do seu ámbito competencial o CRPIH (dependente organicamente da SXPL), ten a función de xestionar o desenvolvemento de proxectos e programas de estudos lingüísticos, literarios, históricos e antropolóxicos co fin de indagar,



afondar e preservar a identidade colectiva de Galicia, dado que se trata dun centro investigador de referencia en estudos de fundamentación e investigación nos devanditos eidos.

Polo exposto, xa que todas as partes estiman preciso, para complementar a formación dos universitarios, un maior achegamento entre o ámbito produtivo e as universidades, co obxecto de facilitar a futura inserción laboral do alumnado mediante a alternancia da súa formación teórica coa práctica, acadando asemade a mellor cualificación e adaptación aos seus futuros postos de traballo, e, tendo en conta o réxime de concorrencia competitiva, considérase necesaria a suscripción dun convenio de colaboración coas tres universidades galegas, sen prexuízo de futuras sinaturas de novos convenios con outras entidades.

Que as partes son conscientes da responsabilidade que teñen de colaborar no proceso normalizador, así como á hora de cumprir cos obxectivos previstos na Lei 3/1983, de normalización lingüística, e tamén, de colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia (4 de agosto de 2016), que responde á necesidade de poñer en práctica medidas para o fomento do uso do idioma galego nos diferentes eidos sociais e económicos de Galicia, tarefa na que deben colaborar todas as institucións e entidades, públicas e privadas, entre elas, as universidades galegas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela.

